

EOI de Lugo

Memoria do PDI FaArte

Biblioteca da Escola Oficial de Idiomas de Lugo

Curso 2018-2019

EOI de Lugo

Táboa de contidos

A. Introducción.....	3
B. Obxecto ou temática de investigación propostos	8
C. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta	8
D. Documentación elaborada para profesorado e alumnado	9
E. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado	10
Departamento de Alemán	10
Departamento de Chinés	10
Departamento de Francés	10
Departamento de Galego	10
Departamento de Inglés	11
Departamento de Italiano	11
Departamento de Portugués	11
Biblioteca	11
F. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación	12
G. Implicación da comunidade educativa	12
H. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa	12
I. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.....	13
J. Función e participación da biblioteca en todo o proceso	13

A. Introducción

A mellora da biblioteca do centro é, desde o ano 2011, unha prioridade na Programación Xeral Anual da Escola Oficial de Idiomas de Lugo. Durante os últimos cursos académicos, déuselle un impulso considerable.

Por outra banda, a escola dedicou o plan de formación en centros dos últimos tres anos ao traballo por proxectos como filosofía de centro. Tanto no Proxecto Educativo como no Proxecto Lector do centro contéplase o traballo por tarefas ou por proxectos como unha ferramenta fundamental para a aprendizaxe das linguas estranxeiras e para a consecución dos obxectivos da PXA. O PEC, que se redactou durante o curso 15-16, inspirouse nunha proposta do Equipo de Dinamización da Biblioteca dese ano, e establece que se desenvolverá polo menos un proxecto interdepartamental cada curso académico. Ademais, o PEC establece como prioridade impulsar o interese pola lecto-escritura desde a Biblioteca a través de proxectos comúns a todas as linguas.

Neste contexto, o Equipo de Dinamización da Biblioteca, xunto co Equipo de Dinamización da Lingua, propón aos departamentos didácticos, xa nos dous últimos cursos académicos, desenvolver un proxecto interdisciplinar enmarcado nun tema común a todos. Á vista do éxito do proxecto interdisciplinar dos dous cursos anteriores, na última reunión da CCP do curso 17-18 pensou nunha temática que estivese integrada no currículo de todos os niveis, co fin de que se puidese traballar de xeito transversal. Acordamos traballar diferentes expresións das artes, xa que é un tema de interese xeral e de total actualidade. Coa implicación de toda a comunidade escolar neste traballo, pretendemos converter, unha vez máis, a biblioteca nun eixe vertebrador das actividades interdepartamentais. O proxecto inclúese na PXA.

Este proxecto quere axudar a acadar outros obxectivos xerais do Proxecto Educativo:

- Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro.
- Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- Fomentar o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
- Potenciar o uso cotián do galego como lingua de comunicación na vida diaria do centro.

O obxectivo principal do proxecto para o Equipo de Dinamización da Biblioteca é mellorar a calidade do servizo de biblioteca co fin de incentivar o seu uso, xa que consideramos que a experiencia lectora contribúe

EOI de Lugo

entre outros á adquisición das competencias básicas do alumnado. O feito de incluír libros de cociña e de saúde na nosa colección contribúe a desmitificar a biblioteca como un lugar onde só se atopa literatura. Ademais pretendemos crear un espazo de encontro de toda a comunidade escolar a diferentes niveis:

- Encontro coa cultura impresa e dixital.
- Encontro e afianzamento das relacións entre os membros da comunidade.
- **Posibilitar o acceso aos recursos impresos e na rede de toda a comunidade escolar**, para dar resposta ás necesidades do alumnado menos favorecido a nivel social, económico e cultural.
- **Incentivar o uso da biblioteca** escolar por parte da comunidade educativa, aproveitando os seus recursos para unha mellor atención á diversidade e unha óptima atención á **multiculturalidade**, ás necesidades educativas específicas e ao **plurilingüismo**.
- Favorecer a adquisición das **competencias básicas** nas linguas de estudo do noso alumnado e contribuír ao éxito na súa aprendizaxe.
- Estimular a experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Mellorar a **comunicación** con toda a comunidade educativa, a través do **blog** da biblioteca, da **páxina web** da escola, da **páxina** e do **grupo** pechado de **Facebook**.
- Reforzar a **formación** do profesorado para un maior uso dos amplos recursos que as bibliotecas escolares poñen á súa disposición, de xeito que repercuta na mellora da calidade e a **renovación** das prácticas educativas.
- Ampliar a visibilidade das **boas prácticas** que se poidan levar a través da nosa biblioteca escolar.

Na planificación do proxecto participan activamente os equipos de dinamización da lingua galega e da biblioteca e a CCP, en cuxas reunións se discute o desenvolvemento do proxecto e se toman as decisións, e a través da cal se transmite a información aos departamentos. O 100% dos departamentos da escola están implicados no proxecto, coa participación de 33 profesores dun total de 37 profesores (90%). O grao de implicación dentro dos departamentos é diferente, destacando que participaron o 80% dos grupos. Seguimos este calendario:

EOI de Lugo

- Xuño 2018: Proposta na CCP do tema: As Artes.
- Setembro 2018: Formulación do proxecto no seo do equipo da biblioteca que se reúne habitualmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Este ano o proxecto versará sobre as artes e a idea do produto final é facer un graffiti no muro do aparcadoiro que represente a todos os idiomas. O labor da biblioteca será proporcionar material ao alumnado para que poida levar a cabo este proxecto. Cada departamento deberá facer propostas que se levarán á CCP. Abrirase un documento no Dropbox para que queden reflectidas as propostas.
- Proposta aos departamentos didácticos na primeira reunión da CCP. Decídese distribuír as artes por departamentos e queda así:
 - O departamento de alemán decide ocuparse do cinema.
 - O departamento de chinés ocuparase da caligrafía chinesa
 - O departamento de inglés ocuparase da fotografía
 - O departamento de francés, de arquitectura.
 - O departamento de italiano, de pintura, concretamente do pintor Arcimboldo.
 - O departamento de galego, de música
 - O de portugués ocuparase da danza.
- Outubro 2018 – maio 2019: Desenvolvemento do proxecto
- Maio 2019: Finalización do proxecto e presentación o día 16: Inauguración do graffiti e c. Difusión dos traballos a través do blog: <https://falarte.home.blog/>
- Maio – xullo 2018: Avaliación e redacción da memoria

Cómpre destacar as singularidades das escolas de idiomas que afectan a este tipo de proxectos. O feito de que o alumnado normalmente só ten unha materia (só asiste a clase dunha lingua e só lle interesa a aprendizaxe desa lingua) significa que os individuos que se implican neste proxecto son moi numerosos, pero que a maior parte só van actuar de xeito interdisciplinar no acto de presentación do produto final. Os contidos, competencias e criterios de avaliación non son, polo tanto, comúns a todos os que participamos no proxecto. As diferenzas non dependerán tanto da lingua como do nivel no que se traballa.

Certo é que tamén hai contidos e competencias do currículo de escolas comúns a todos os niveis:

- Competencia comunicativa: destacamos os contidos léxico-semánticos: hobbies e tempo libre, nos cursos máis baixos, e, a arte, nos cursos máis altos.

EOI de Lugo

- Competencia estratéxica: Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, utilizando os recursos dispoñibles tanto dentro coma fóra da aula e da escola e buscando ou creando oportunidades para practicar a lingua. Usar materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, novas tecnoloxías, etc.). Utilizar a linguaxe aprendida a medida que se adquire. Aproveitar a presenza de nativos ou falantes cun nivel de competencia lingüística máis avanzado para aclarar, verificar ou corrixir. Valorar e reforzar a motivación como clave do éxito na aprendizaxe. Participar en actividades de lecer conectadas coa aprendizaxe da lingua. Saber traballar en equipo, considerando os compañeiros como outra fonte máis de aprendizaxe.
- Competencia pragmática. Contidos discursivos: Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos aos que se enfrenta ou que produce.

Os obxectivos serán diferentes segundo o nivel. Fundamentalmente traballarase os seguintes:

- Nivel básico:
- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
- Comprender instrucións breves e sinxelas, e indicacións, especialmente se contan con apoio visual.
- Participar en conversas moi básicas sobre as artes, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.
- Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible..
- Nivel intermedio:
- Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten o tema das artes, articulados con relativa lentitude e claridade.
- Participar espontaneamente en conversas informais sinxelas e habituais, para realizar xestións e transaccións relativas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns, con obxectivos concretos.
- Transmitir e solicitar información e ideas sobre temas tanto abstractos como concretos, explicándose ou preguntando con razoable precisión, dentro do tema das artes.

EOI de Lugo

- Comprender a información xeral e específica de textos auténticos, de extensión variada, sobre a alimentación, que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.
- Nivel avanzado:
- Comprender o esencial de textos orais de carácter instrutivo, mensaxes e avisos detallados, lingüisticamente complexos e emitidos en lingua estándar.
- Colaborar para lograr un obxectivo, esbozando un asunto ou un problema cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos, especulando sobre causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques.
- Comprender a información específica de textos instrutivos de carácter xeral e riqueza léxica, e sobre temas da propia especialidade que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas moi frecuentes no campo de especialización de que se trate, sempre que poida reler ou usar materiais que axuden a realizar unha interpretación correcta.
- Escribir textos que transmitan información obxectiva centrándose en comunicar algún coñecemento e mantendo a divulgación da información como intención principal do texto.

As competencias clave que non se contemplan no noso currículo, pero que se traballan con todo o alumnado son as seguintes:

- Competencia dixital (CD): Busca, selección e arquivo de imaxes para elaborar documentos informativos. Busca e selección de información para a elaboración de textos informativos. Consulta no Meiga de bibliografía existente na biblioteca.
- Competencias sociais e cívicas (CSC): Distribución de tarefas dentro do grupo de traballo para desenvolver as propostas. Respecto ao traballo e ás achegas dos integrantes do grupo. Reflexión e avaliación do funcionamento dos grupos de traballo.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Elaboración de propostas para a resolución das tarefas. Desenvolvemento de tarefas asignadas e avaliación da efectividade organizativa.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC). Adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e territorios en que se fala o idioma que se estuda, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa. Desenvolver actitudes de respecto.

B. Obxecto ou temática de investigación propostos

As artes nos países en que se falan as linguas que se estudan na escola (distintos tipos de artes en distintos países). Ver aquí a proposta de proxecto: <http://ir.gl/d4679a>

C. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

Antes da posta en marcha do proxecto, podemos distinguir tres graos de concreción na xestión da proposta, que son propios da elaboración das unidades didácticas por tarefas (Sheila Estaire, <http://ir.gl/052>):

- Primeiro grao de concreción: proposta da temática e da tarefa final (primeiras ideas)
- A temática e a tarefa final decídense no seo da CCP no mes de xuño de 2018: As artes nos países en que se falan as linguas que se estudan na escola (distintos tipos de artes en distintos países). Perfílese como posible tarefa final, un graffiti no aparcadoiro da escola, que represente unha icona representativa das artes en cada lingua.
- A presentación no claustro faise o día 17 de setembro de 2018.
- Segundo grao de concreción: establecemento dos obxectivos e propostas concretas de tarefas e subtareas:
 - Na primeira reunión do Equipo de Dinamización da Biblioteca o día 21 de setembro de 2017, fanse suxestións de subtareas por niveis e linguas, que contribúen á definición do proxecto.
 - Nas reunión da CCP do 26 de outubro repártense as artes por linguas e elabóranse as directrices que se seguirán no desenvolvemento do proxecto. Defínense obxectivos, plan de traballo e avaliación.
- Terceiro grao de concreción: especificación dos contidos e planificación do proceso (secuenciación de tarefas e actividades por departamentos):
- Este paso deuse nos departamentos didácticos en diferentes etapas durante o primeiro cuadrimestre do ano. Cada departamento deseñou as súas propias unidades e o seu propio plan de traballo, tendo en conta que todo debería estar rematado para a presentación dos resultados cara o mes de maio.

EOI de Lugo

- O Equipo de Dinamización da Biblioteca acompañou os departamentos neste proceso, seleccionando material didáctico existente na biblioteca e adquirindo novos materiais.
- Ademais, durante este cuadrimestre, a biblioteca:
 - planificou a colaboración coa EASD Ramón Falcón.
 - adquiriu o material que propuxeron os departamentos.

D. Documentación elaborada para profesorado e alumnado

- Creación dun espazo de traballo colaborativo (GoogleDrive) onde o profesorado poida compartir documentos e experiencias:
- Proxecto Documental Integrado (documento inicial onde se reflicten obxectivos, plan de traballo e avaliación e onde os departamentos planifican o seu traballo) <http://ir.gl/d4679a>
- Caderno de bitácora (empregarase como instrumento de avaliación do proceso, para visibilizar o que se vai facendo, dar ideas aos compañeiros e reconducir o proxecto, no caso de ser necesario) <http://ir.gl/4fa945>
- Traballos do alumnado
- Material gráfico das actividades
- Outros instrumentos de avaliación (enquisas para o alumnado e o profesorado)
- Curación de contidos para cada departamento.
- Creación dunha categoría incluída no blog (<https://rochoteca.wordpress.com/category/falarte>), na que se foron publicando todas as actividades relacionadas co proxecto durante o curso.
- Creación dun blog: <https://falarte.home.blog>, onde se publican todos os traballos do alumnado por linguas ao final do curso, para darlle visibilidade ao proxecto.
- Publicación dos traballos do alumnado noutras redes sociais en que estea presente a biblioteca: <https://twitter.com/eoidelugo> e <https://www.facebook.com/eoilugo>.

EOI de Lugo

- Exposición de libros e outros materiais recomendados para a realización das tarefas que propuxeron os departamentos no andel que está na entrada da biblioteca, dentro do mes dedicado a cada lingua.

E. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado

Todas as tarefas que se realizaron pódense ver en <https://falarte.home.blog> que se creou para este fin e que está ligado ao blog da biblioteca, <https://rochoteca.wordpress.com>. Polo tanto, neste apartado da memoria, destacaremos a tarefa que nos parece máis representativa do traballo de cada departamento:



Departamento de Alemán

O alumnado do curso C1.2 realizou unha curtametraxe: *Heiliges Missverständnis*, que se publicou a través da canle de Youtube do centro no blog do Departamento de Alemán e no blog de Ratos de Rochoteca, ademais de presentarse na sala de actos da escola para o alumnado dos IES Lucus Augusti, Ollos Grandes e Sanxillao, como para o propio alumnado da escola na biblioteca.

Departamento de Chinés

A actividade que destacamos dentro do departamento de chinés foi a que se levou a cabo na Praza Maior, diante da Casa do Concello, e na que os lucenses tiveron a oportunidade de coñecer a caligrafía chinesa e poñela en práctica pintando con pincel grande os seus primeiros caracteres.



Departamento de Francés

O Departamento de Francés visibilizou o seu traballo a través dun puzzle da capela Notre Dame du Haut de Ronchamp, que estivo a disposición de todo o alumnado e profesorado durante o primeiro cuadrimestre do ano, no andar baixo da escola.



Departamento de Galego

O alumnado de galego fixo un quiz sobre a música galega na biblioteca da escola o 9 de abril, como actividade final do traballo do departamento.



EOI de Lugo

Departamento de Inglés

O Departamento de Inglés realizou unha exposición de fotografía, coas fotografías que seleccionou o alumnado do departamento.



Departamento de Italiano

O Departamento de Italiano convocou un *concurso de selfiemboldos* na biblioteca que tivo moito éxito entre o alumnado. Cuns imáns de froitas, o alumnado puido confeccionar o seu autoretrato nun panel da biblioteca. Esta actividade axudou a coñecer a figura e a pintura de Arcimboldo.

Departamento de Portugués

O alumnado de Avanzado C1 fixo unha investigación sobre as danzas nos países de fala portuguesa que se gravou en audio.

Biblioteca

A actividade máis destacada organizada pola biblioteca para este proxecto foi o Roteiro das Artes por terras de Bergantiños.



F. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación

Recursos

Consulta: libros da biblioteca, páxinas web, ordenadores da sala de informática e da aula de autoaprendizaxe, portátiles dos departamentos didácticos e tabletas.

Realización: fundamentalmente recursos informáticos: diferentes programas de edición de vídeo; para a edición do son, Audacity; para a publicación en Internet, Wordpress e Youtube.

Fontes:

Para este proxecto, adquiríronse materiais para a biblioteca, fixéronse recomendacións aos profesores. Porén, á hora de redactar esta memoria non

G. Implicación da comunidade educativa

No proxecto estiveron implicados todos os departamentos didácticos da EOI de Lugo, EDL e Recursos TIC coordinados polo EDB. Podemos destacar a implicación activa do 90% do profesorado, pero sobre todo a implicación do alumnado coas súas contribucións ás tarefas que se propuxeron.

H. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

Os traballos presentáronse nas aulas, expuxéronse na biblioteca e tiveron unha gran difusión na Rede, fundamentalmente a través do blog da biblioteca: <https://rochoteca.wordpress.com>, do Twitter <https://twitter.com/eoidelugo> e do Facebook da escola: <https://www.facebook.com/eoilugo>.

Como xa espuxemos anteriormente, creouse un blog para este proxecto: <https://falarte.home.blog>

EOI de Lugo

I. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

Avaliamos os procesos e os resultados finais.

Avaliación do proceso mediante:

- Un caderno de bitácora ou diario do proxecto no que o profesorado participará para comentar calquera cuestión relevante que axude a sacar adiante o proxecto (ideas, problemas e solucións) melloralo e reconducilo, se for preciso. (Materiais complementarios)
- Presentacións dos avances do proxecto, xa sexa na aula ou a través das TIC (entradas de bitácora, redes sociais, etc).

A avaliación final do proxecto realizouse na reunión de CCP. Hai diversas opinións: En xeral funcionou ben nos casos en que estaba integrado na programación desde un principio. Opínase que é necesario ter unha estrutura clara dende o principio e máis coordinación. Considérase que é produtivo se se traballan tarefas que axuden a mellorar as destrezas necesarias para superar os exames. En chinés é difícil atopar materiais para certos niveis. No vindeiro curso podería optarse por que non todo o profesorado participase.

J. Función e participación da biblioteca en todo o proceso

Como xa se explicou na introdución, o Equipo de Dinamización da Biblioteca da EOI de Lugo é o eixe vertebrador das actividades culturais da escola. O proxecto interdepartamental está concebido como un xeito de coordinar o traballo de todos os departamentos cara un mesmo obxectivo final. Deste xeito, a biblioteca é a base de operacións en todo momento, aínda que, por motivos prácticos, as decisións se tomen na CCP. Deste xeito, as xefaturas de departamento e a responsable de biblioteca poden trasladar aos seus departamentos e equipo as ideas dun xeito máis coordinado. Ademais, a vicedirección, que forma parte de ambos órganos pode realizar mellor o seu traballo de coordinación.

A biblioteca elaborou e coordinou o proxecto en colaboración coa Vicedirección e os membros da CCP. Xunto co profesorado implicado, fóronse facendo pequenas modificacións do proxecto inicial que enriqueceron o traballo final.

EOI de Lugo

Á hora de poñer en marcha o traballo, fixéronse varias reunións entre todo o profesorado implicado para poder tomar decisións de grupo. Na descrición do proceso de elaboración está reflectido o papel e a participación da biblioteca.

Durante o proceso, a biblioteca elaborou materiais de axuda ao profesorado e ao alumnado, realizou curación de materiais, apoiou e reconduciu o traballo dos departamentos. Isto pódese apreciar no caderno de bitácora (<http://ir.gi/4fa945>) e mais no blog <https://falarte.home.blog>.